

**ACTIVIDADES.** (14 Marzo 2020, 2 sesións)

1.- Observa na táboa o resultado dunha análise de sangue onde dous dos seus valores están debaixo dos límites e contesta:

Parámetro	Valores (adulto)
Glóbulos vermellos	2 millóns/ <u>mL</u> *
Glóbulos brancos	7,5 miles/ <u>mL</u>
Plaquetas	15 miles/ <u>mL</u> *
Urea	12 mg/ <u>dL</u>
Glicosa	70 mg/ <u>dL</u>
Colesterol	101 mg/ <u>dL</u>

a) A escaseza de glóbulos vermellos:

1. Indica fallo renal.
2. É un síntoma de diabetes.
3. É un síntoma de anemia.
4. Pode favorecer as hemorragias.

b) A escaseza de plaquetas:

1. Indica fallo renal.
2. É un síntoma de diabetes.
3. É un síntoma de anemia.
4. Pode producir hemorragias.

2.- Dos seguintes hábitos, indica cales axudan a previr enfermidades cardiovasculares.

- a) Facer exercicio.
- b) Non fumar.
- c) Comer alimentos ricos en ferro.
- d) Ter o colesterol alto.
- e) Comer de forma saudable.
- f) Ter a tensión alta.

3.- Sinala os órganos excretorios:

- a) Pulmóns      b) Corazón      c) Estómago      d) Riles      e) Pel

4.- Sinala os sistemas que participan na nutrición:

- a) Respiratorio      b) Circulatorio      c) Urinario      d) Reprodutor      e) Dixestivo

X	O	B	B	H	J	C	A	E	Z	A
N	E	U	R	O	N	A	S	R	J	D
P	U	C	N	H	Z	B	C	I	U	M
X	L	E	U	C	O	C	I	T	O	S
Q	G	A	I	B	E	T	P	R	W	S
T	Z	H	Q	T	B	C	Y	O	H	F
G	N	C	V	U	P	M	S	C	G	U
F	D	V	Z	Z	E	X	J	I	Q	P
F	A	W	L	I	H	T	W	T	C	C
L	A	B	G	F	Q	D	A	O	S	M
Z	U	E	D	T	C	D	B	S	F	O

5.- Atopa o nome de tres tipos de células ou fragmentos de células presentes no sangue. Que máis células atopaches e a que sistema pertencen?

-  
-  
-  
-  
-  
-

6.- Completa:

- a) O corazón e os vasos sanguíneos en conxunto coñécense como sistema .....
- b) As ..... conducen o sangue dende os órganos ao corazón.
- c) As ..... son condutos que levan o sangue dende o corazón aos órganos.
- d) Os ..... son vasos de moi pequeno diámetro cuxa parede é tan fina que permite os intercambios entre o sangue e as células.
- e) O tecido muscular que forma o corazón chámase .....

7.- Verdadeiro ou falso?

- a) A válvula pulmonar e a válvula aórtica son válvulas auriculoventriculares.
- b) No circuíto pulmonar menor o sangue:

1. Sae do ventrículo dereito polas arterias pulmonares e diríxese aos pulmóns.
2. Tras pasar polos pulmóns, volve ao corazón polas veas pulmonares que chegan á aurícula esquerda.
3. Sae do ventrículo esquerdo polas arterias pulmonares e diríxese aos pulmóns.
4. Tras pasar polos pulmóns, volve ao corazón polas veas pulmonares que chegan á aurícula dereita.

c) Os fumadores teñen máis risco de sufrir unha enfermidade cardiovascular.

d) O dióxido de carbono que producen as nosas células é un residuo metabólico.

8.- Elixo a resposta correcta:

a) Que ocorre se estás moito tempo sen beber?

1. Tería sede, pero a urina sería normal.
2. A urina sería máis concentrada, máis escura.
3. A urina sería máis diluída, máis clara.

b) Vaso sanguíneo que leva o sangue ó ril.

1. Arteria renal.
2. Uréter.
3. Veia renal.

c) Encárgase de retirar os refugallos das células.

1. Duodeno.
2. Intestino grosso.
3. Recto.
4. Sangue.

d) Lugar onde se forman os eritrocitos.

1. Medula ósea.
2. Sangue.
3. Corazón.

e) Parte do corazón que leva sangue pobre en osíxeno:

1. Metade dereita.
2. Metade esquerda.
3. As aurículas.
4. Os ventrículos.

f) Parte do corazón coa que comunica unha aurícula.

1. Coa outra aurícula.
2. Co ventrículo do lado oposto.
3. Co ventrículo do mesmo lado.

g) Parte do corazón que leva sangue rica en osíxeno.

1. Metade dereita.
2. Metade esquerda.
3. As aurículas.
4. Os ventrículos.

h) Que representan as cores vermella e azul no estudo do sistema circulatorio?

1. Vermello: sangue pobre en osíxeno. Azul: rico en osíxeno.
2. Mestura do sangue arterial e venoso.
3. Vermello: sangue rico en osíxeno. Azul: pobre en osíxeno.
4. Azul: sangue rico en osíxeno. Vermello: pobre en osíxeno.

i) De onde procede o sangue da arteria renal?

1. Arteria aorta descendente.
2. Veia cava inferior.
3. Arteria cava inferior.

9.- Relaciona o sistema circulatorio, dixestivo, respiratorio e excretor. Describindo o circuíto do sangue que os comunique.

